

Informe sobre o Índice de Comercio polo Miúdo


Datos correspondentes a xuño de 2026

Data de publicación: 28/07/2026

Principais resultados

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia un crecemento interanual do 4,1% no mes de xuño de 2026.
- Por produtos, as vendas en "Alimentación" aumentan un 5,4% e en "Resto de produtos" un 5,2%.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes crece un 9,4% en xuño de 2026 con respecto ao mesmo mes de 2025.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa interanual do 2%.

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

1 Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

En xuño de 2026, o índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 4,1% en Galicia e un 2,4% en España en taxa interanual.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 5,2% en Galicia e un 3,6% en España respecto a xuño de 2025. Desagregando por produtos:

- "Alimentación" incrementa a facturación un 5,4% en Galicia e un 2,4% no conxunto de España.
- "Resto de produtos" medra un 5,2% en Galicia e un 4,6% no conxunto de España.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xuño de 2026

Galicia

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	108,2	4,1	2,5
Xeral sen estacións de servizo	107,0	5,2	3,0
Alimentación	100,7	5,4	2,6
Resto	116,3	5,2	3,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

España

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	115,3	2,4	2,0
Xeral sen estacións de servizo	115,3	3,6	2,7
Alimentación	107,2	2,4	1,8
Resto	128,0	4,6	3,9

Fonte: INE.

No que vai de ano, as vendas minoristas aumentan un 2,5% en Galicia e un 2% en España. Rexístrase un incremento das vendas en "Alimentación" do 2,6% en Galicia e do 1,8% en España. No "Resto de produtos", as vendas increméntanse un 3,7% en Galicia e un 3,9% en España.


2 Índices por comunidades e cidades autónomas

As vendas aumentan en taxa interanual en 17 comunidades e cidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Extremadura (6,3%), Aragón (5,8%) e Cantabria (5,8%). Pola contra, diminúen as vendas en Cataluña (-1,4%) e Illas Baleares (-0,6%).

No que vai de ano, o índice increméntase en todas as comunidades e cidades autónomas agás en Illas Baleares (-1,1%). A taxa máis alta preséntase en Aragón (5,1%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xuño de 2026

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

3 Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos correntes

No mes de xuño, o índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 9,4% en Galicia e un 6,7% en España en taxa interanual.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 7,9% en Galicia e do 5,5% en España. Desagregando por produtos, en Galicia, as vendas aumentan un 8,7% en "Alimentación" e un 7,4% en "Resto de produtos". En España, rexístrase un incremento do 4,6% nas vendas en "Alimentación" e do 6,3% en "Resto de produtos".

No que vai de ano, o índice medra un 6,8% en Galicia e un 5,8% en España. En Galicia, as vendas increméntanse un 6,1% en "Alimentación" e un 5,5% en "Resto de produtos". En España, as vendas varían un 4,7% en "Alimentación" e un 5,3% en "Resto de produtos".

Índices de comercio polo miúdo a prezos correntes. Xuño de 2026

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	136,9	9,4	6,8
Xeral sen estacións de servizo	134,3	7,9	5,7
Alimentación	136,0	8,7	6,1
Resto	133,2	7,4	5,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	145,4	6,7	5,8
Xeral sen estacións de servizo	144,1	5,5	5,0
Alimentación	144,6	4,6	4,7
Resto	143,9	6,3	5,3

Fonte: INE.

4 Índice de ocupación

No mes de xuño, o índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 2% en Galicia e do 0% no conxunto de España. No que vai de ano, a ocupación medra un 1,3% en Galicia e un 0,7% en España.

Índices de ocupación. Xuño de 2026

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	107,5	2,0	1,3
Xeral sen estacións de servizo	107,2	2,1	1,3

Fonte: INE.

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	109,9	0	0,7
Xeral sen estacións de servizo	109,9	0	0,7


Fonte: INE.

5 Índices de ocupación por comunidades e cidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en 15 comunidades e cidades autónomas no mes de xuño. Os maiores incrementos rexístranse en Asturias (2,9%) e Ceuta (2,7%). A comunidade onde máis diminúe o persoal ocupado é Cataluña (-4,2%).

Índice xeral de ocupación. Xuño de 2026

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

No acumulado do ano, a ocupación aumenta en 16 comunidades e cidades autónomas. Ceuta (3,3%) e Asturias (3,2%) rexistran os maiores incrementos. As comunidades onde diminúe o persoal ocupado son A Rioxa (-0,4%) e País Vasco (-0,2%).

6 Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.